

CV25032

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA A MELLORA DO SANEAMENTO NO LUGAR DE CELEIRO. VIVEIRO (LUGO)

1. Antecedentes

O 14.11.2025 formalizouse o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Viveiro para a mellora do saneamento no lugar de Celeiro. Viveiro (Lugo).

2. Causas que motivan a formalización dunha addenda ao convenio

Debido a causas sobrevidas e imprevistas, alleas á vontade do Concello de Viveiro, existe unha demora na execución das obras subvencionadas, polo que non é posible dar cumprimento ao disposto nas cláusulas cuarta (libramento dos fondos e réxime de xustificación) e oitava (vixencia do convenio).

Polo exposto, e tendo en conta a complexidade das actuacións e os prazos previstos para a súa execución é necesario ampliar o prazo de xustificación e vixencia do convenio.

3. Obxectivos que se pretenden

Esta addenda ten por obxecto:

- Modificar a cláusula cuarta do convenio de colaboración para ampliar o prazo de xustificación ata o 15 de decembro de 2025.
- Modificar a cláusula oitava do convenio de colaboración para non limitar o prazo de realización dos gastos subvencionables ata o 30 de novembro de 2025.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público a addenda ao convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

